

2ª AVALIACIÓN





TEMA 2: O SER HUMANO. Persoa e sociedade II

- 2.1.3. A SOCIOBIOLOXÍA
- 2.1.3.1.- AFONDANDO NA SOCIOBIOLOXÍA
- 2.1.1. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN E HUMANIZACIÓN
- 2.1.1.1. A EVOLUCIÓN HUMANA
- 2.1.1.2. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN
- 2.1.1.3. A EVOLUCIÓN CULTURAL
- 2.1.2. A ESPECIE HUMANA ENFRONTADA E DIVIDIDA
- 2.1.2.1. PROBLEMÁTICA RACIAL
- 2.1.2.2. PROBLEMÁTICA SEXUAL



2.1.3.- A SOCIOBIOLOXÍA.-



No ano 1975 aparece unha nova disciplina, a **SOCIOBIOLOXÍA**, que produciu reaccións similares ás do darwinismo social no seu tempo. **WILSON** elabora unha nova metodoloxía para a interpretación do comportamento dos seres vivos e a súa base biolóxica (agresión, altruísmo, comportamento sexual, diferenzas entre sexos, etc.), que suscita acres polémicas ata ser acusado de racismo e incluso pronazi.

Esta teoría trata de **aplicar a evolución a todo o comportamento humano, tanto social como ético, recorrendo aos nosos xenes**. Asume que as características conductuais innatas, que son típicas de calquera especie, son o resultado dunha longa historia de éxito reprodutor diferencial, é dicir, de selección natural.

Trátase dun **novo darwinismo social que se serve dos estudos actuais da xenética e da ciencia das condutas animais (etoloxía)**.

Tratan de explicar todas as condutas polos xenes. Dende este punto de vista **o individuo non é máis có soporte do seu xenotipo (un “conxunto de xenes andantes”)**. Deste xeito, o seu comportamento ten que ser analizado en relación á supervivencia dos xenes, tanto do individuo como dos seus parentes. A conduta explícase así como a tendencia a deixar o máximo número de descendentes nas mellores condicións. (**RICHARD DAWKINS** ⇨ **Tª DO XENE EGOÍSTA**)


[Aínda que a selección natural actúa adaptando os organismos ao ambiente en que viven, **non é certo que toda adaptación deba ter unha explicación biolóxica no marco neodarwinista**. Moitos comportamentos sociais son claramente **adaptativos** e non podemos concluír que se un comportamento é adaptativo probablemente foi moldeado pola selección natural e ten unha base xenética.

Así por exemplo, nalgunhas tribos esquimós, cando o alimento escasea, as familias emigran, pero os individuos máis anciáns permanecen no antigo fogar para non poñer en perigo a supervivencia do resto da familia.

Unha explicación sociobiolóxica sería supoñer que esta actitude altruísta está condicionada xeneticamente e que os xenes altruístas foron favorecidos polos mecanismos de selección familiar. Os avós sacrifican a súa vida en beneficio dos seus parentes, cos que comparten os xenes. Aínda que esta explicación é posible, existe unha explicación altruísta puramente sociolóxica. O sacrificio dos membros anciáns da tribo sería un risco adaptativo, pero de carácter puramente cultural. O sacrificio foi ritualizado, os protagonistas son considerados heroes e o seu exemplo é interiorizado na mente dos cativos por aprendizaxe, que á súa vez están dispostos a repetir no futuro un acto que consideran cheo de honor e de gloria.]

A ciencia evolutiva non nos provera dun código moral. Aínda que na natureza o forte "explota" ao débil, isto non significa que teñamos que apoiarnos nun sistema moral no que unha xente explote a outra xente. Como di Dawkins, **nós somos libres de instaurar sistemas políticos e morais que se diferencian explicitamente da natureza**.

A pesar de todo, estes abusos nada teñen que ver coa filosofía altamente progresista que entraña a teoría evolutiva. O evolucionismo foi o cambio de paradigma na interpretación do ser humano; unha auténtica **revolución copernicana** que aparta ao ser humano do centro do mundo, onde inxenuamente o colocara a civilización occidental. **Darwin negoulle ao ser humano a pretensión de ser unha criatura especial, obrigándoo a recoñecerse como unha das tantas especies biolóxicas seleccionadas por procesos naturais**. Podemos dicir que supuxo un duro golpe ao narcisismo humano, como tamén o serán a psicanálise e a teoría da relatividade.



2.1.3.1.- AFONDANDO NA SOCIOBIOLOXÍA.

- Revisado, traballado e traducido por Manuel Seixas, Agosto do 2012, Xullo – Agosto – Decembro do 2014, a partir de material basicamente procedente de internet.




- 1) **SOCIOBIOLOXÍA (VISIÓN XERAL)**
- 2) **A SOCIOBIOLOXÍA: EVOLUCIÓN, XENES E MORAL (POSICIÓN CRISTIÁ)**
- 3) **UNHA CRÍTICA Á SOCIOBIOLOXÍA**
- 4) **RICHARD DAWKINS E "EL GEN EGOÍSTA"**
- 5) **RICHARD DAWKINS: "EL ESPEJISMO DE DIOS"**
- 6) **PODE A SOCIOBIOLOXÍA SER A "NOVA EUXENESIA"?**

1) SOCIOBIOLOXÍA (VISIÓN XENERAL)

Introdución:

A Sociobioloxía é unha disciplina que comezou como tal no ano 1975 coa publicación por E.O. WILSON do libro: “*Sociobiología: la Nueva Síntesis*”. Pode dicirse que a sociobioloxía trata de proxectar nova luz sobre o significado biolóxico de condutas para eles erroneamente explicadas ata entón: de entre elas, a máis notable é a conduta altruísta (sacrificio persoal polo beneficio doutros). Mentres que uns a explicaban polo beneficio que tal tipo de condutas proporciona ao grupo ou á especie, A **VISIÓN SOCIOBIOLÓXICA AFIRMA QUE O ALTRUÍSMO EXISTE PORQUE BENEFICIA AOS XENES DO QUE A EMITE**. A idea é que a selección natural actúa sobre o individuo e non sobre o grupo: o éxito reprodutivo é algo que obtén aquel que é capaz de transmitir os seus xenes á seguinte xeración.



Obxectivos:

Podería dicirse que a sociobioloxía ESTUDA EN QUÉ MEDIDA A CONDUCTA SOCIAL DETERMINA O **ÉXITO REPRODUTIVO**; AGORA O **ÉXITO REPRODUTIVO** DEFÍNESE COMO **APTITUDE INCLUSIVA**, QUE INCLÚE, ADEMAIS DA **APTITUDE DARWINIANA** (NÚMERO DE DESCENDENTES DIRECTOS: FILLOS), A CANTIDADE DE COPIAS DE XENES PROPIOS QUE PASAN Á SEGUINTE XERACIÓN A TRAVÉS DE FAMILIARES CONSANGUÍNEOS DIFERENTES DOS PROPIOS FILLOS (IRMÁNS, SOBRIÑOS, NETOS, PRIMOS, ETC.). ISTO SIGNIFICA QUE A RELACIÓN XENÉTICA É O FACTOR CLAVE PARA EXPLICAR A CONDUCTA SOCIAL: A CONDUCTA MATERNAL EXPLÍCASE POLA RELACIÓN XENÉTICA ENTRE NAI E FILLO (a nai e o fillo comparten, nas especies diploides, o 50 % dos seus alelos (xenes), a conduta das obreiras dos himenópteros (abellas e formigas), que coidan das súas irmás pequenas en vez de ter fillos propios, explícase porque comparten con elas o 75 % dos xenes (trátase de especies haplodiploides: os machos son haploides (1 só xogo cromosomas) e as femias diploides (número dobre de cromosomas) mentres que cos seus fillos só comparten o 50 %, etc.

O CONCEPTO DE **ALTRUÍSMO XENÉTICO** ESTÁ NA ORIXE DA SOCIOBIOLOXÍA POLA SINXELA RAZÓN DE QUE PARECÍA REPRESENTAR UNHA REFUTACIÓN DA TEORÍA DA EVOLUCIÓN POR SELECCIÓN NATURAL: SE ALGÚNS INDIVIDUOS RENUNCIAN A TER ÉXITO REPRODUTIVO DARWINIANO (RENUNCIAN A TER FILLOS PROPIOS), SUPONSE QUE SE ESTA CONDUCTA ESTÁ NALGUNHA MEDIDA DETERMINADA XENETICAMENTE, É OBVIO QUE ESES XENES DESAPARECERÁN PORQUE OS INDIVIDUOS QUE OS PORTABAN NON OS TRANSMITEN Á DESCENDENCIA (NON TEÑEN DESCENDENCIA), DE FORMA QUE A CONDUCTA ALTRUÍSTA TENDERÁ A DESAPARECER.

CÓMO É POSIBLE QUE EXISTA ALTRUÍSMO COMO O DAS ABELLAS OBREIRAS? OU O DAS TERMITAS? OU O DAS RATAS TOPO LAMPIÑAS? OU O DOS CANS SALVAXES DA SABANA (LYCAON PICTUS)? A resposta sociobiolóxica está en que **a conduta altruísta mantense nas poboacións animais porque os familiares cuxa supervivencia se promove co altruísmo son portadores de copias de xenes (alelos) dos altruístas.**



2) A SOCIOBIOLOXÍA: EVOLUCIÓN, XENES E MORAL (POSICIÓN CRISTIÁ)



Dr. Ray Bohlin

"Que é a sociobioloxía, e por que debería interesarme?".

A sociobioloxía analiza a base biolóxica de todo comportamento social, incluíndo a moral. DEBERÍA INTERESARTE PORQUE OS SOCIOBIÓLOGOS ESTÁN DICINDO QUE TODOS OS SISTEMAS MORAIS E RELIXIOSOS, INCLUÍNDO O CRISTIANISMO, EXISTEN SIMPLEMENTE PORQUE AXUDAN A PROMOVER A SUPERVIVENCIA E A REPRODUCCIÓN DO GRUPO. ESTES SOCIOBIÓLOGOS, COÑECIDOS TAMÉN COMO *ETICISTAS EVOLUCIONISTAS*, DIN PODER EXPLICAR A EXISTENCIA DE CADA RELIXIÓN OU SISTEMA DE CREENZA IMPORTANTE DO MUNDO, INCLUÍNDO O CRISTIANISMO, O XUDAÍSMO, O ISLAMISMO, E INCLUSO O MARXISMO E O HUMANISMO SECULAR, EN TERMOS DA SELECCIÓN NATURAL E A EVOLUCIÓN.

E. O. WILSON AFIRMOU QUE O ORGANISMO, O TEU CORPO, É SIMPLEMENTE A FORMA QUE TEN O ADN DE FACER MÁIS ADN.

TUDO COMPORTAMENTO É, POR LO TANTO, EGOÍSTA OU PRAGMÁTICO, NO SEU NIVEL MÁIS BÁSICO. AMAMOS AOS NÓSOS FILLOS PORQUE O AMOR É UN MEDIO EFECTIVO DE CRIAR REPRODUTORES EFECTIVOS.

WILSON ESTÁ DICINDO QUE, DADO QUE OS HUMANOS FORON MODELADOS SÓ POLA EVOLUCIÓN, NON TEÑEN NINGÚN PROPÓSITO MÁIS ALÁ DA SUPERVIVENCIA E A REPRODUCCIÓN. O MESMO WILSON RECOÑECE QUE ESTA É UNHA AFIRMACIÓN POUCO ATRACTIVA.

ESPERANZA E SIGNIFICADO

DADO QUE OS SOCIOBIÓLOGOS AFIRMAN QUE TODO COMPORTAMENTO É EN ÚLTIMA INSTANCIA EGOÍSTA, QUE O ÚNICO FIN OU PROPÓSITO DUN ORGANISMO É SOBREVIVIR E REPRODUCIRSE, E QUE O QUE SE REQUIRE EN ÚLTIMA INSTANCIA É A SUPERVIVENCIA DA ESPECIE E NON DO INDIVIDUO, ENTÓN O VALOR E A DIGNIDADE PERSOAIS DESAPARECEN RAPIDAMENTE.

FORMULEI UNHA PREGUNTA RELACIONADA COA ESPERANZA NUN SEMINARIO DE POSTGRADO COMPOSTO DE ESTUDANTES E PROFESORES DE BIOLOXÍA. PREGUNTEI: "SUPOÑAMOS QUE EU ESTOU MORTO E ENTERRADO, E OS AXENTES DE DESCOMPOSICIÓN

ESTÁN FACENDO A SÚA OBRA. SE A MORTE É O FINAL CON "F" MAIÚSCULA, A QUEN LLE IMPORTA SE ME TEÑO REPRODUCIDO OU NON?" DESPOIS DUN SILENCIO INCÓMODO, UN DOS PROFESORES CONTESTOU: "BEN, SUPOÑO QUE NON TEN NINGUNHA IMPORTANCIA". EN RESPONDA, PREGUNTEI: "NON O VEN? ACABAMOS DE FALAR DE CÓMO O ÚNICO PROPÓSITO NA VIDA É SOBREVIVIR E REPRODUCIRNOS, PERO AGORA VOSTEDS RECOÑECEN QUE ESTE PROPÓSITO É EN REALIDADE UNHA ILUSIÓN. COMO PODE UN SEGUIR COA SÚA VIDA CANDO SE DECATA DE QUE EN REALIDADE NON IMPORTA O QUE UN FAGA, QUE NADA TEN SENTIDO ALGÚN?". LOGO DUN SILENCIO AÍNDA MÁIS PROLONGADO, O MESMO PROFESOR DIXO: "VALE, SUPOÑO QUE AQUELES QUE SERÁN ESCOLLIDOS NO FUTURO SERÁN AQUELES QUE SABEN QUE A VIDA NON TEN NINGÚN PROPÓSITO, PERO VIVIRÁN COMO SE O TIVERA".

AQUEL HOME ESTABA DICINDO EN ESENCIA QUE A RAZA HUMANA SE VERÁ FORZADA A VIVIR CUNHA MENTIRA: A ILUSIÓN DE ESPERANZA E SIGNIFICADO.

UN PROFESOR DE FILOSOFÍA DUNHA UNIVERSIDADE CONTESTOU RECENTEMENTE AO MEU DESAFÍO DICINDO QUE TAL VEZ HABÍA DOUS TIPOS DIFERENTES DE ESPERANZA E SIGNIFICADO: A ESPERANZA E O SIGNIFICADO EN MINÚSCULA (É DICIR: A SUPERVIVENCIA E A REPRODUCCIÓN), E A ESPERANZA E O SIGNIFICADO EN MAIÚSCULA (É DICIR: O VALOR E O SIGNIFICADO ÚLTIMOS). TODOS TEMOS ESPERANZA E SIGNIFICADO EN MINÚSCULA, E TAL VEZ SIMPLEMENTE NON OS HAXA EN MAIÚSCULA. E QUÉ? PERO ESE ERA PRECISAMENTE O MEU TEMA. A ESPERANZA E O SIGNIFICADO EN MINÚSCULA NON TEÑEN NINGUNHA IMPORTANCIA SALVO QUE REALMENTE EXISTAN A ESPERANZA E O SIGNIFICADO EN MAIÚSCULA. 🍀*

(Pero, -pregunta para que “barrenedes”-: a vida non pode ter sentido, esperanza e significado en si mesma sen que haxa algo máis despois? Son necesarias as maiúsculas para vivir plena e dignamente????)

"Para saber qué apoiar e a qué oporse, os cristiáns involucrados nas ciencias sociais e biolóxicas deben ser eficaces estudantes de sociobioloxía. A popularidade da sociobioloxía pasou desapercibida por demasiado tempo xa. Necesitamos un estudo preciso e coidadoso así como un estar atentos se queremos levar este pensamento á obediencia a Cristo". 🍀🍀🍀 (Uff!!)



3) UNHA CRÍTICA Á SOCIOBIOLOXÍA

A nova visión da sociobioloxía é un intento de ampliar o concepto de selección natural aos sistemas sociais e á conduta social (tanto de animais como seres humanos). Segundo este punto de vista, O CEREBRO É UN CONXUNTO DE MÁQUINAS PROCESADORAS DE INFORMACIÓN, QUE FORON DESEÑADAS POR SELECCIÓN NATURAL PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS ADAPTATIVOS AOS QUE SE ENFRONTARON OS NÓS ANCESTROS CAZADORES-RECOLECTORES. ESTA COLECCIÓN DE MAQUINARIA COMPUTACIONAL É A BASE DAS NOSTRAS APTITUDES NATURAIS, A NOSTRA HABILIDADE PARA VER, PARA FALAR, PARA NAMORARNOS, PARA TEMER AS ENFERMIDADES, PARA ORIENTARNOS, ETC., ENTRE OUTROS MOITOS INSTINTOS QUE ADOITAMOS OBVIAR OU ASOCIAR A CONCEPTOS COMO A RAZÓN OU A CULTURA.

SE ALGO SE APRENDE DO ESTUDO DA HISTORIA DA FILOSOFÍA É, POR RIBA DE TODO, A DESCONFIAR DOS REDUCCIONISMOS (Simplificacións, únicas posturas). E A CONDUTA HUMANA, OU MELLOR DITO, SEGUNDO QUÉ ASPECTOS DE ESTA, PARECE HOXE POR HOXE, CONSTITUÍR UN ÁMBITO DA REALIDADE DE IMPOSIBLE ALCANCE PARA O COÑECEMENTO ESTRITAMENTE CIENTÍFICO.

É CERTO QUE O SER HUMANO É UNA ESPECIE ANIMAL MÁIS. SEN EMBARGO ISO NON IMPLICA QUE A COMPLEXA CONDUTA HUMANA POIDA SER DESCRITA COAS CATEGORÍAS COAS QUE CONTA ACTUALMENTE A TEORÍA EVOLUCIONISTA.

A sociobioloxía defende que é cuestión de tempo que as explicacións bioloxicistas sobre o ser humano sexan absolutas. PERO A MIRADA BIOLÓXICA NON É MÁIS QUE UNHA DAS MÚLTIPLES DIMENSIÓNS DESDE AS QUE SE PODE CONTEMPLAR O SER HUMANO.

O FEITO DE QUE UNHA PERSOA DEDIQUE A SÚA VIDA A UNHA REVOLUCIÓN, RENUNCIANDO POR ISO A TER UNHA FAMILIA, OU QUE UN INDIVIDUO SE SUICIDE POR MOTIVOS IDEOLÓXICOS, FAGA FOLGA DE FAME OU DEA A SÚA VIDA POR ALGUÉN CON QUEN NON COMPARTI LAZOS SANGUÍNEOS, CONSTITUEN CASOS DE DIFÍCIL EXPLICACIÓN DESDE A SOCIOBIOLOXÍA. 🌟🌟

A tese principal do chamado *INTERACCIONISMO* é: **“NON SON NIN OS XENES NIN O MEDIO AMBIENTE O QUE DETERMINA A UN ORGANISMO, SENÓN UNHA COMBINACIÓN PARTICULAR DE AMBOS”**. Deste modo, o que o organismo é depende tanto dos xenos como do entorno no que ten lugar o desenvolvemento xenético.

Organismo e ambiente son sistemas abertos un ao outro.



4) RICHARD DAWKINS E "EL GEN EGOÍSTA"

El gen egoísta: las bases biológicas de nuestra conducta (*The Selfish Gene* en inglés), é unha obra divulgativa sobre a teoría da evolución, escrita por Richard Dawkins en 1976. **Nela se interpreta a evolución das especies desde o punto de vista xenético e non individual ou racial.**

Contido

A TEORÍA DE DAWKINS ESTABLECE QUE SON OS XENES —E NON OS INDIVIDUOS— OS AXENTES SOBRE OS QUE OPERA A EVOLUCIÓN. **O egoísmo constitúe unha metáfora coa que Dawkins explica que a probabilidade de que un xene prospere depende da súa capacidade de adecuación ao medio.**

UNHA METÁFORA ADECUADA PARA A TEORÍA DO XENE EGOÍSTA É UNHA RESPOSTA Á PREGUNTA «QUE FOI ANTES, A GALIÑA OU O OVO?». A RESPOSTA, SEGUNDO A TEORÍA DO XENE EGOÍSTA, SERÍA QUE A GALIÑA NON É MÁIS QUE O MEDIO NO QUE OS OVOS SE REPRODUCEN. CON ESTAS PREMISAS, DAWKINS EXPLICA AS RELACIÓNS SOCIAIS: A AGRESIÓN, A GUERRA DE SEXOS, O RACISMO, O CONFLITO XERACIONAL E, INCLUSO, A PLAUSIBILIDADE DO ALTRUÍSMO.

E para isto propón a súa teoría, a cal aparece explicada na súa obra máis paradigmática, *El gen egoísta* (1976). **A NOVIDADE QUE INTRODUCE CON ESTA OBRA É QUE, FRONTE ÁS TEORÍAS EVOLUCIONISTAS CLÁSICAS, NAS QUE O OBXECTO DA SELECCIÓN NATURAL ERA A SUPERVIVENCIA DOS MÁIS APTOS, EL SOSTÉN QUE É A SUPERVIVENCIA DO ADN. SEGUNDO ISTO, A SELECCIÓN NATURAL ENCÁRNASE NO ADN, CUXO ÚNICO OBXECTIVO É REPRODUCIRSE A SI MESMO. POR CONSEQUENTE, O ÚNICO QUE TEN REALMENTE IMPORTANCIA É O XENE.**

O ORGANISMO NON É MÁIS QUE UN SOPORTE PROVISIONAL PARA O XENE. Así, R. DAWKINS CONSIDERA AO SER HUMANO “UNHA MÁQUINA DE SUPERVIVENCIA, COMO VEHÍCULO AUTÓMATA PROGRAMADO A CEGAS CO FIN DE PRESERVAR AS EGOÍSTAS MOLÉCULAS COÑECIDAS CO NOME DE XENES”.

Isto condúceo a afirmar que **O COMPORTAMENTO HUMANO É NATURALMENTE EGOÍSTA.** Nas súas palabras:

“O INDIVIDUO É UNHA MÁQUINA EGOÍSTA, PROGRAMADA PARA REALIZAR CALQUERA COUSA QUE SEXA MELLOR PARA OS SEUS XENES CONSIDERADOS NO SEU CONXUNTO”.

Afirma que, **aínda nos supostos nos que inicialmente se pense que se está actuando dun modo altruísta, iso é, sen embargo, debido a que, en última instancia, tal actuar é o que, neses supostos concretos, mellor responde aos impulsos egoístas innatos.** Neste sentido, conclúe afirmando:

“... POR MOITO QUE DESEXEMOS CRER DOUTRA MANEIRA, O AMOR UNIVERSAL E O BENESTAR DAS ESPECIES CONSIDERADAS NO SEU CONXUNTO SON CONCEPTOS QUE, SIMPLEMENTE, CARECEN DE SENTIDO EN CANTO Á EVOLUCIÓN. (...) UNHA ADVERTENCIA DE QUE SE O LECTOR DESEXA, TANTO COMA MIN, CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE NA CAL OS INDIVIDUOS COOPEREN XENEROSAMENTE E CON ALTRUÍSMO AO BEN COMÚN, POUCA AXUDA SE PODE ESPERAR DA NATUREZA BIOLÓXICA”.

Un exemplo de isto é cómo concibe a **FACULTADE DE PROCREAR.** En concreto, **DEFINE O PAPEL DA MULLER A ESTE RESPECTO COMO “UNHA MÁQUINA PROGRAMADA PARA QUE**

FAGA TODO O QUE ESTÁ NO SEU PODER PARA PROPAGAR COPIAS DOS XENES QUE LEVA NO SEU INTERIOR”.

Neste punto R. Dawkins vai, incluso, máis alá que outros autores e afirma a **prioridade de algúns animais sobre certos humanos** en función do que el define como a súa capacidade de sentir:


“O SENTIMENTO DE QUE OS MEMBROS DA NOSA ESPECIE MERECE UNHA CONSIDERACIÓN MORAL ESPECIAL EN COMPARACIÓN COS MEMBROS DOUTRAS ESPECIES, É ANTIGO Y SE ENCONTRA PROFUNDAMENTE ARRAIGADO. O FEITO DE MATAR PERSOAS, EXCEPTO NA GUERRA, É UN CRIME XULGADO CON MAIOR SEVERIDADE ENTRE OS COMETIDOS COMUNMENTE. (...) UN FETO HUMANO, SEN MÁIS SENTIMENTOS HUMANOS QUE UNHA AMEBA, GOZA DE UNA REVERENCIA E PROTECCIÓN LEGAL QUE EXCEDE EN GRAN MEDIDA Á QUE SE LE CONCEDE A UN CHIMPANCÉ ADULTO. SEN EMBARGO, O CHIMPANCÉ SENTE E PENSA E, SEGUNDO EVIDENCIA EXPERIMENTAL RECENTE, PODE SER AÍNDA CAPAZ DE APRENDER UNHA FORMA DE LINGUAXE HUMANA. O FETO PERTENCE Á NOSA PROPIA ESPECIE E SE LLE OUTORGAN INSTANTANEAMENTE PRIVILEXIOS E DEREITOS ESPECIAIS DEBIDO A ESTE FACTOR”.

Para R. Dawkins, TODO XIRA EN TORNO Á IDEA DE SUPERVIVENCIA DO ADN, segundo a cal **A CATEGORÍA SER HUMANO ESVAÉCESE ANTE A DO XENE**. Consecuentemente, OS NON BEN CONSTITUÍDOS XENETICAMENTE DEBEN SER ELIMINADOS, EN CANTO QUE ESTÁN CHAMADOS A DESAPARECER SEGUNDO AS LEIS DA EVOLUCIÓN, XA QUE OS SEUS XENES NON SON OS MÁIS FORTES. E engade:

“Todo o que necesitamos crer é que aqueles individuos cuxos xenes fabricaron cerebros de tal forma que tenden a xulgar correctamente terán, como resultado de isto, maiores posibilidades de sobrevivir e, por tanto, de propagar aqueles mesmos xenes”.

Por conseguinte, en sentido contrario pode deducirse que aqueles individuos cuxos xenes non fabrican cerebros que xulguen correctamente, terán que sucumbir. Con outras palabras, os portadores de xenes débiles están destinados a desaparecer, en canto que tales xenes carecen de valor.

FRONTE A ESTAS POSTURAS – QUE CONDUCEN DE MANEIRA INEVITABLE, A UN REDUCIONISMO INHUMANISTA – PODEMOS DICIR QUE A EXISTENCIA HUMANA NON SE REDUCE A UNHA LOITA POLA SUPERVIVENCIA DOS MÁIS APTOS. A PRESENZA DO SER HUMANO NO MUNDO NON É UN SIMPLE SOBREVIVIR, SENÓN QUE É UN EXISTIR, HABENDO UN ABISMO INFINITO ENTRE AMBOS CONCEPTOS.



5) RICHARD DAWKINS: EL ESPEJISMO DE DIOS - (DEFENSA DO ATEÍSMO – ARGUMENTOS PARA SER ATEO; CRÍTICA DA RELIXIÓN)

El espejismo de Dios (título orixinal: *The God Delusion*, 2006) é un ensaio escrito polo etólogo británico Richard Dawkins (1941–), profesor de Entendemento Público da Ciencia (na Universidade de Oxford).

No libro, Dawkins afirma que **A CRENZA NUN CREADOR SUPERNATURAL PÓDESE CUALIFICAR COMO UN DELIRIO**, ao que define como a persistencia nunha falsa crenza mantida fronte a fortes evidencias contraditorias. Dawkins simpatiza coa observación de Robert Pirsig (EE. UU., 1928), que di: **«CANDO UNA PERSOA SUFRE DELIRIO CHAMÁMOLO LOUCURA. CANDO MOITA XENTE SOFRE O MESMO DELIRIO CHAMÁMOLO RELIXIÓN».**

Sinopse

No prefacio, Dawkins escribe que *El espejismo de Dios* contén catro mensaxes «aumentadores de conciencia»:

- **OS ATEOS PODEN SER FELICES, EQUILIBRADOS, MORAIS E INTELECTUALMENTE SATISFEITOS.**
- **A SELECCIÓN NATURAL E TEORÍAS CIENTÍFICAS SIMILARES SON SUPERIORES A HIPÓTESES BASEADAS EN DEUS — COMO A FALACIA DO DESEÑO INTELIXENTE — NO QUE SE REFIRE Á EXPLICACIÓN DO MUNDO VIVO E O COSMOS.**
- **OS NENOS NON DEBEN SER ETIQUETADOS POLA RELIXIÓN DOS SEUS PAIS. TERMOS COMO «NENO CATÓLICO» OU «NENO MUSULMÁN» FAN QUE A XENTE RETROCEDA.**
- **OS ATEOS DEBEN ESTAR ORGULLOSOS E NON COMPUNXIDOS, DEBIDO A QUE O ATEÍSMO É UNHA PROBA DE TER UNHA MENTE SAUDABLE E INDEPENDENTE.**

ALGÚNS CAPÍTULOS DO LIBRO CON RAZOAMENTOS PARA REFLEXIONAR

Un profundo relixioso non crente

Dawkins comeza observando que a sobrecolledora complexidade da natureza é o que el chama «RELIXIÓN EINSTEINIANA», referíndose ao uso que Albert Einstein facía da palabra «DEUS» COMO UNHA METÁFORA PARA A NATUREZA DOS MISTERIOS DO UNIVERSO. Sen embargo, lamenta que moitos científicos usen a palabra «Deus» no seu sentido panteísta e poético debido á confusión que isto causa.

En troques, focaliza a súa CRÍTICA NA CRENZA DUN «CREADOR SOBRENATURAL QUE É APROPIADO PARA SER ADORADO POR NÓS», citando a Douglas Adams para ilustrar esta opinión:

A relixión [...] ten certas ideas do que nós chamamos sagrado ou santo ou o que sexa. Isto significa que «aquí tes unha idea ou unha noción á que non se te está permitido dicir nada malo acerca de ela; tan só NON PODES. Por que non? Porque non! Se alguén bota por un partido co que non estás de acordo, es libre para discutir todo o que queiras. Todo o mundo tivo unha discusión algunha vez, pero ninguén se sente agraviado por iso. Pero en cambio se alguén che di: «Eu non vou pulsar un interruptor da luz un día que sexa sábado», tes que responder: «Eu respecto iso».

A hipótese de Deus

Dawkins comeza o capítulo 2 **DESCRIBINDO A YAHVÉH, O DEUS DO ANTIGO TESTAMENTO COMO «POSIBLEMENTE O PERSONAXE MÁIS DESAGRADABLE DE TODA A FICCIÓN. CELOSO E ORGULLOSO DE SELO, UN MESQUÍÑO, INXUSTO E IMPLACABLE**

ENTOLECIDO FORA DE CONTROL, UN VINGATIVO LIMPADOR ÉTNICO SEDENTO DE SANGUE, UN MISÓXINO, HOMÓFOBO, RACISTA, INFANTICIDA, XENOCIDA, FILICIDA, REPARTIDOR DE PRAGAS, MEGALÓMANO, SADOMASOQUISTA, CAPRICHOSE E MALÉVOLO MATÓN».

As raíces da relixión

No capítulo 5 explora as raíces da relixión e por qué a relixión é tan omnipresente a través de todas as culturas humanas. Para el, **A RELIXIÓN ESTÉNDESE COMO UN VIRUS PARA A MENTE A TRAVÉS DAS SOCIEDADES.**

As raíces da moralidade: por que somos bos?

No capítulo 6, Dawkins xira a súa atención cara ao asunto da moralidade, argumentando que **NON NECESITAMOS A RELIXIÓN PARA SER BOS.** En vez de isto, mantén que **A NOSA MORALIDADE TEN UNHA EXPLICACIÓN DARWINIANA: XENES ALTRUÍSTAS FORON SELECCIONADOS A TRAVÉS DO PROCESO DA NOSA EVOLUCIÓN E QUE POSUÍMOS EMPATÍA NATURAL.**

Que lle pasa á relixión? Por qué ser tan hostís?

No capítulo 8, Dawkins xira cara a cuestión de **POR QUÉ SE SENTE TAN HOSTIL CARA Á RELIXIÓN, ARGUMENTANDO CON EXEMPLOS NOS QUE A RELIXIÓN SE REBELA CONTRA LA CIENCIA, FOMENTA O FANATISMO, ALENTA A INTOLERANCIA CONTRA OS HOMOSEXUAIS, E INFLÚE Á SOCIEDADE DE OUTROS MODOS NEGATIVOS. DAWKINS AFIRMA QUE OS PREDICADORES DE PARTES DO SUR DOS ESTADOS UNIDOS USARON A BIBLIA PARA XUSTIFICAR A ESCRAVITUDE CLAMANDO QUE OS AFRICANOS ERAN DESCENDENTES DO FILLO PECADOR DE ABRAHAM. DURANTE AS CRUZADAS, OS «PAGÁNS» E OS «HEREXES» QUE NON SE CONVERTÍAN AO CRISTIANISMO ERAN ASASINADOS, E OUTROS EXEMPLOS SIMILARES.**

Infancia, abuso e cómo escapar da relixión

Unha desas maneiras é o **ADOUTRINAMENTO DOS NENOS**, un tema ao que Dawkins dedica o capítulo 9. **EL IGUALA O ADOUTRINAMENTO RELIXIOSO DOS NENOS POLOS PAIS E PROFESORES NAS ESCOLAS RELIXIOSAS CUNHA FORMA DE ABUSO MENTAL.** Dawkins quere que a xente se avergoñe cada vez que alguén fale dun «**нено musulmán**» ou un «**нено católico**», preguntándose cómo a un neno se lle pode considerar o suficientemente desenvolvido para ter unha visión independente do cosmos e do lugar da humanidade nel. Por contraste, Dawkins apunta que ningunha persoa razoable falaría dun «**нено marxista**» ou un «**нено republicano**».

Un baleiro moi necesario?

No último capítulo pregúntase que **sexa cal sexa a relixión**, a pesar dos problemas alegados anteriormente, **“enche un oco moi necesario. DANDO CONSOLO E INSPIRACIÓN ÁS PERSOAS NECESITADAS”.** **SEGUNDO DAWKINS, ESTAS NECESIDADES SATISFÁCENSE MOITO MELLOR MEDIANTE MANEIRAS NON RELIXIOSAS, COMO A FILOSOFÍA E A CIENCIA. ARGUMENTA QUE UNHA VISIÓN DO MUNDO ATEA SERVE PARA REAFIRMAR A VIDA DUN XEITO QUE A RELIXIÓN, COAS SÚAS «RESPOSTAS» INSATISFACTORIAS AOS MISTERIOS DA VIDA NUNCA PODERÁ SELO.**



6) PODE A SOCIOBIOLOXÍA SER A “NOVA EUXENESIA”?

Na literatura bioética moderna, a SOCIOBIOLOXÍA presenta moitas cuestións morais e éticas. **OS COMENTARISTAS SUXERIRON QUE A "NOVA EUXENESIA" XURDIRÁ DE TECNOLOXÍAS REPRODUTIVAS QUE PERMITIRÁN AOS PAIS CREAR OS CHAMADOS "BEBÉS DE DESEÑO"** (o que o biólogo Lee M. Silver denominou "reproxenética"). **ARGUMENTOUSE QUE ESTE TIPO "NON COACTIVO" DE "MELLORA" BIOLÓXICA ESTARÁ PREDOMINANTEMENTE MOTIVADO POLA COMPETITIVIDADE INDIVIDUAL E O DESEÑO DE LOGRAR "AS MELLORES OPORTUNIDADES" PARA OS FILLOS MÁIS QUE POLO IMPULSO DE MELLORAR A ESPECIE QUE CARACTERIZOU AS FORMAS DE EUXENESIA DE PRINCIPIOS DO SÉCULO XX.**

James D. Watson, o primeiro director do Proxecto xenoma humano, iniciou o *Programa de implicacións éticas, legais e sociais* (*Ethical, Legal and Social Implications Program*), que financiou varios estudos sobre as implicacións da ENXEÑARÍA XENÉTICA HUMANA.

DISTINGUIDOS XENETISTAS ENTRE OS CALES ESTÁN OS GAÑADORES DO PREMIO NOBEL JOHN SULSTON ("NON CREO QUE UN DEBA TRAER AO MUNDO A UN NENO CLARAMENTE MINUSVÁLIDO") E WATSON ("UNHA VEZ QUE TEMOS UNHA FORMA PARA MELLORAR OS NOSOS FILLOS, NINGUÉN PODE DETELA") APOIAN O DIAGNÓSTICO XENÉTICO.

Algunhas subculturas modernas defenden diferentes formas de euxenesia apoiada por CLONACIÓN HUMANA E ENXEÑARÍA XENÉTICA HUMANA, algunhas veces como parte dun novo culto (véxase o movemento raeliano, cosmoteísmo ou prometeísmo). Estes grupos falan tamén de "neoeuxenesia", "evolución consciente" ou "liberdade xenética".

OS TRAZOS CONDUCTUAIS IDENTIFICADOS TAMÉN COMO POTENCIAIS OBXECTIVOS DE MODIFICACIÓN MEDIANTE ENXEÑARÍA XENÉTICA HUMANA INCLÚEN A INTELIXENCIA, A DEPRESIÓN, A ESQUIZOFRENIA, O ALCOHOLISMO, O COMPORTAMENTO (OU ORIENTACIÓN) SEXUAL E A DELINCUENCIA.

COMPAÑÍAS DE SEGUROS, PLANES DE SAÚDE E CENTROS DE INMIGRACIÓN ESTÁN USANDO OS NOVOS DESCUBRIMENTOS CIENTÍFICOS PARA DETECTAR CARACTERÍSTICAS XENÉTICAS. O diagnóstico prenatal de posibles defectos permite a opción polo aborto. Estímase que entre o 91 % e o 93 % dos fetos diagnosticados con Síndrome de Down foron abortados.

Enfermidades fronte a trazos

MENTRES A CIENCIA DA XENÉTICA SUBMINISTROU CADA VEZ MÁIS MEDIOS PARA PODER IDENTIFICAR E ENTENDER CERTAS CARACTERÍSTICAS E ENFERMIDADES, DADA A COMPLEXIDADE DA XENÉTICA HUMANA, A CULTURA E A PSICOLOXÍA, NON HAI NESTE MOMENTO NINGÚN MEDIO PARA DETERMINAR AS CARACTERÍSTICAS QUE SERÍAN DEFINITIVAMENTE DESEXÁBEIS OU INDESEXÁBEIS. **AS MANIPULACIÓNS EUXENÉSICAS DESTINADAS A REDUCIR A PROPENSIÓN CARA Á CRIMINALIDADE E A VIOLENCIA, POR EXEMPLO, PODERÍAN DAR LUGAR A QUE A POBOACIÓN TERMINASE SENDO ESCRAVIZADA POR UN AGRESOR EXTERNO SE PERDE A CAPACIDADE DE DEFENDERSE A SI MESMA.**


Calquera filosofía social é susceptible de uso ético incorrecto. **AÍNDA QUE OS PRINCIPIOS CRISTIÁNS AXUDARON Á ABOLICIÓN DA ESCRAVITUDE E A INSTITUCIÓN DE PROGRAMAS DE BENESTAR SOCIAL, A IGREXA CRISTIÁ TAMÉN QUEIMOU A MOITOS DISIDENTES E FIXO A GUERRA CONTRA OS INFIEIS, ASASINANDO OS CRUZADOS CRISTIÁNS A GRAN NÚMERO DE MULLERES E NENOS. PERO CRER QUE O**

CRISTIANISMO "INEVITABELMENTE LEVA Á EXTERMINACIÓN DE AQUELES QUE NON ACEPTAN A SÚA DOCTRINA" CARECE DE XUSTIFICACIÓN (LYNN, 2001).


POLO TANTO, USEMOS A SOCIOBIOLOXÍA, E MÁIS EN CONCRETO, A XENÉTICA CON MOITA PRUDENCIA E BASEÁNDONOS SEMPRE EN PRINCIPIOS ÉTICO-MORAIS QUE DEFENDAN OS DEREITOS HUMANOS.

- Revisado, traballado e traducido por Manuel Seixas, Agosto do 2012 – Xullo do 2014 – Decembro 2014.

¿¿†✠✠✠✠✠✠✠✠??



2.1.4.- O PROCESO DE HOMINIZACIÓN E HUMANIZACIÓN.



2.1.4.1.- A EVOLUCIÓN HUMANA.-

Quen somos? De onde vimos? Por que somos así?

Son as eternas preguntas do ser humano de todos os tempos ás que se deron diferentes tipos de resposta a través da filosofía, a relixión ou a ciencia.

Hoxe pouca xente (pero moi barulleira!) cuestiona A ORIXE ANIMAL DO SER HUMANO COMO FROITO DUN **PROCESO EVOLUTIVO MOI LENTO E MOI COMPLEXO.**

A vida apareceu sobre a Terra hai máis de tres mil millóns de anos nunhas formas viventes unicelulares, elementais, de orixe marítima. Nun proceso lento, a vida foi ascendendo a niveis de maior complexidade, pasando de animais unicelulares a pluricelulares, de invertebrados a vertebrados, e a grandes trazos, a orde seguida pola evolución foi de peixes a formas de vida anfibas, posteriormente a formas reptilianas e, a partir destas, ás aves e aos mamíferos.

No grupo dos mamíferos é onde aparecen os primates, e nestes xorden os **homínidos** que darán lugar ao **ser humano actual.**


Neste lento proceso é o medio o que selecciona aos mutantes máis aptos por selección natural. Temos que destacar nos animais superiores:

➔ **A EVOLUCIÓN DO SISTEMA NERVIOSO**

➔ **A CEREBRACIÓN CRECENTE**

Ata chegar ao ser humano no que **CONFLÚEN A EVOLUCIÓN BIOLÓXICA E A EVOLUCIÓN CULTURAL.**

2.1.4.2.- O PROCESO DE HOMINIZACIÓN.




Debemos ter presente que **este proceso é a día de hoxe enigmático e con interpretacións contradictorias**, debido tanto á escaseza dos fósiles como á súa diversa análise segundo quen os investigue.

Creemos saber, con certa certeza, que é en África onde nos separamos da liña evolutiva que conduce aos chimpancés, hai uns cinco millóns de anos. Teñamos en conta que **a diferenza xenética entre un ser humano actual e un chimpancé é a do un por cento dos xenos.**

A partir de aquí, podemos facer o seguinte desenvolvemento aproximativo:

ESQUEMA XERAL:



XÉNERO HOMÍNIDOS.- Os máis remotos antecesores nosos.

Características: bipedismo (non casual). Maxilares e brazos máis curtos cós nosos.

- **OREOPITECO:** O máis antigo. Hoxe semella que non ten que ver coa evolución cara á especie humana.

- **AUSTRALOPITECOS (“Monos do Sur”):** Chámanse así por seren atopados os primeiros restos en África meridional e central.


Características: Capacidade cranial de 500cc. Estatura variable dende 1,20 cm. a 1,50 cm. Cultura do coio. Empregan ósos e pedras. Non as transforman. Preeiros ("carroñeiros") e colleiteiros ("recoletores"). Non cazaban. Intelixentes?

XÉNERO HOMO.-

- **HOMO HÁBILIS.-** Contemporáneo do Australopiteco.

Características: Primitiva industria lítica (transformación rudimentaria de pedras). Capacidade cranial: 750cc. Tan altos coma nós. Pode ser considerado **o primeiro ser humano**. Sabemos que saíron de

África e chegaron a Atapuerca (Burgos); así o demostra o cranio 5 denominado polos paleontólogos *Ronaldo*.



- **HOMO ANTECESSOR.**- Atopados os seus fósiles na gran Dolina (Atapuerca - Burgos). Características: Colleitaban e cazaban. Eran caníbales. Tiñan un comportamento funerario que revela unha mente simbólica e espiritual.

- **HOMO ERECTUS.**- Atopados restos en Asia, África, Europa. Dentro deste xénero están:

- **PITECÁNTROPO.**- Tamén chamado “Home de Xava”.

Características: Capacidade ou volume cranial: 900 cc.; Tallaban machados de man. Cazaban grandes animais: caza social, que implica certa organización social e unha primitiva linguaxe.

- **SINÁNTROPO.**- Tamén chamado “Home de Pekín”.

Características: Capacidade cranial: 900-1200cc. Podemos falar de seres intelixentes pois sabían conservar o lume e tiñan unha industria lítica.

- **HOMO NEANDERTHAL.**- Estendido por Europa, norte de África, Asia Occidental.

Características: Ten a fronte escapada (fuxidía) e ausencia de queixo ("mentón"). Capacidade cranial: 1.500cc. (A mesma cá nós). Tallaron pedras dun xeito moi especializado: fabricaban punzóns, machados (ata sesenta tipos diferentes). Empregan o sílex como material. Viven na época glacial: ocupan covas e abrigos naturais. Dominan o lume (saben produci-lo artificialmente esfregando pezas de pirlita de ferro). Cobren os seus corpos con peles de animais. Enterraban aos seus mortos dun xeito ritual (así o demostran os cadáveres atopados cos xeonllos dobrados contra o peito, cubertos de cunchas, pétalos ou flores).

[É famoso o caso de **LUCY**: Lucy é o esqueleto fosilizado case completo dun homínido pertencente á especie Australopithecus afarensis, de 3,2 millóns de anos de antigüidade, descuberto polo estadounidense Donald Johanson o 24 de novembro de 1974 a 159 km de Adís Abeba, Etiopía.

Trátase do esqueleto dunha femia de arredor de 1 metro de altura, de aproximadamente 27 kg de peso (en vida), duns 20 anos de idade (as moas do xuízo estaban recién saídas) e que ao parecer tivo fillos, aínda que non se sabe cantos. Dotada dun cranio minúsculo, comparable ao dun chimpancé, Lucy andaba sobre os seus membros posteriores, signo formal dunha evolución cara á hominización. A capacidade bípede de Lucy pode deducirse da forma da súa pelve, así como da articulación do xeonllo.

O nome Lucy provén da canción «Lucy in the sky with diamonds» do grupo The Beatles, que escoitaban os membros do grupo investigador a noite posterior ao descubrimento.]

- **HOME CROMAGNON.**- Chámase así por ser descubertos os seus restos na localidade francesa do mesmo nome. Son os coñecidos como “homes das cavernas”. É a forma a partir da que se desenvolve o ser humano actual. Existían en África, ao tempo que os Neanderthais. Hai a teoría de que se encontraron en Europa ambas ramas de homo e despois dunha apaixonada historia, os neanderthais extinguíronse. (Outras opcións din que era imposible a reprodución entre neanderthais e cromagnon ou sapiens)

Características: Volume cranial: 1500 cc. Capacidade para simbolizar. Únense, crean lazos defensivos e estruturas sociais primitivas.

- **HOMO SAPIENS.**- Pódese dicir que sae directamente do home de Crognon.


Características: Son os autores das pinturas rupestres. Desenvolven asombrosamente a arte: escultura e instrumentos en marfil, hastas de reno e óso; adornos persoais, figurinas, símbolos gravados...

Dedícanse á caza, pesca e á recolección de produtos naturais. Vivían en cavernas ou chozas de madeira. Conviven cos mamuts. División sexual do traballo: as mulleres dedícanse á recolección e os homes á caza de animais grandes. Economía mixta na que homes e mulleres eran interdependentes.

Tiñan ritos máxicos. Veneraban a fecundidade (así o demostran as Venus). Supoñemos tamén que tiñan unha antropofaxia ritual.

Enterraban os seus mortos con utensilios, provisiones e ás veces pintados de vermello ocre. non sabemos qué pensaban da morte nin por qué enterraban, pero poida que esteamos ante as primeiras ideas relixiosas





A IMPORTANCIA DO LUME.-

O lume é un factor de hominización; **somos os únicos animais que acadamos control sobre el**; é universal na natureza a aversión e a fuxida ante o lume. O animal non sabe controlalo, e tenlle medo dun xeito instintivo. Os humanos ao dominalo **poden utilizalo en toda clase de industrias**, e ademais grazas á súa **protección nocturna** coas fogueiras, poden **durmir tranquilos** ante os ataques dos predadores. A profundidade do sono humano é froito desta relativa despreocupación.

Os alimentos agora xa poden ser cocidos ou asados; tórnanse menos duros e máis dixeribles, polo que os maxilares e o aparello dixestivo se liberan dun enorme esforzo. Isto pode incidir na **diminución gradual das mandíbulas** que xa non precisan tanta forza nin tamaño para mastigar os alimentos, o que, á súa vez, **provoca que se procesen arranxos na caixa cranial que posibilitan o aloxamento de maior cantidade de masa encefálica**.




TEXTO

“O lume é en realidade unha adquisición de alcance multidimensional. A predigestión externa dos alimentos pasados polo lume **alixeira o traballo do aparello dixestivo**, a diferenza do carnívoro, que se sume nun pesado sono dixestivo despois de devorar a súa presa, **o homínido, dono do lume, ten a posibilidade de acharse activo e alerta acabado de comer**. O lume libera a vixilia e fai o propio co sono; pois dá seguridade tanto á expedición nocturna de cazadores como as mulleres e aos nenos que quedaron no refuxio sedentario; o lume crea o fogar, lugar de protección e de refuxio; o lume permite ao home durmir profundamente, a diferenza dos demais animais, que deben descansar sempre nun estado de alerta. Quizais o lume incluso favorecese o incremento e a liberdade dos soños. Por outro lado, a **cocción favorece novas mutacións humanizantes que tenden a reducir a mandíbula á dentición, así como a liberar a caixa cranial de parte das súas tarefas mecánicas, co que se favorece o crecemento do volume do cerebro**”

Edgar Morin (1974): *El paradigma perdido*. Kairós, pp. 73-74

- Fai una lista coas sete vantaxes que trouxo o lume e que aparecen subliñadas.



2.1.4.3- A EVOLUCIÓN CULTURAL.-

A evolución humana como podemos apreciar xa non se produce soamente por mutacións xenéticas e selección natural, senón tamén por **cambios máis rápidos e eficaces provocados polas actividades humanas.**

Antes do Paleolítico, os antepasados do homo sapiens evolucionaban lentamente sen que ninguén tivera conciencia deste feito. **Alterábase o código xenético dun xeito casual.**

Agora, a humanidade sabe que evoluciona e pode actuar sobre esta evolución. A **linguaxe** foi un paso decisivo porque creou un novo sistema de comunicación entre as xeracións sucesivas. Falando e, moito máis tarde e nalgúns culturas, escribindo, podemos deixar constancia das dificultades, esforzos, acertos e loitas. Deste xeito as solucións descubertas por eles xa non se perdían, senón que eran transmitidas aos restantes membros da propia xeración e aos das xeracións seguintes. Así **deixou de ser necesario que cada individuo partise de cero** cando se enfrontase cun medio hostil.


Certas culturas humanas puideron dedicarlle máis tempo á observación, á reflexión, ao cálculo, e foi así como foron creando **a filosofía, a ciencia, a política, o dereito**, que, transmitidos pola linguaxe, foron axudándonos a **comprendernos mellor, a vivir con máis comodidade, a convivir con certa orde, a educar a nosa descendencia, a aproveitar case todas as posibilidades que ofrece o noso medio natural.** (Realmente é hoxe así?)

A evolución cultural é moito máis **rápida** e poderosa cá evolución biolóxica. Por exemplo as aves, para voar, tiveron que desenvolver unhas estruturas anatómicas durante millóns de anos; a humanidade, en poucos anos, conseguiu unha eficacia sorprendente, ata o punto de poder mesmo chegar á lúa.

A evolución **cultural ou psicosocial** é outra etapa do desenvolvemento evolutivo onde **xa non rexen as normas da evolución biolóxica** (selección natural, loita pola vida).


O ser humano cos seus “inventos”, alterou a marcha da evolución biolóxica rachando co equilibrio, de xeito que as consecuencias poden ser imprevisibles. Por exemplo, difícilmente se pode falar hoxe de selección natural cando, grazas á **medicina**, se pode chegar a exercer un control de natalidade que regule as poboacións, transplantes, próteses, curacións que permiten a existencia de individuos cos que a selección natural acabaría.

- PERIGO: Estas modificacións supuxeron en xeral un avance para o xénero humano; pero, como xa vimos, nalgún caso **determinadas filosofías políticas empregaron o control da selección para tratar de crear razas máis fortes coa finalidade de dominar o mundo e someter a outros pobos.**



2.1.5- A ESPECIE HUMANA ENFRONTADA E DIVIDIDA.-

2.1.5.1.- PROBLEMÁTICA RACIAL.-



Ante as diversidades atopadas actualmente entre os seres humanos foron aparecendo unha serie de teorías ou xustificacións das mesmas atendendo á orixe da humanidade. Hai que distinguir entre o **monoxenismo e o monofiletismo**. O primeiro supón que os nosos antepasados proceden dunha única parella de individuos, mentres que o monofiletismo afirma que xurdiron dunha mesma liñaxe e centro, que pode estar formada por varios individuos.

O **polixenismo** di que na nosa orixe hai varios individuos ou parellas, e o **polifiletismo** varias liñaxes ou centros.


Este debate tivo lugar sobre todo no século XIX, pero aínda que os monoxenistas defendían a orixe común dos pobos na parella primixenia (Adán e Eva), para eles as "razas inferiores" foron as que máis dexeneraran partindo da perfección orixinal. **Os polixenistas mantiñan que Adán e Eva eran os antecesoros da raza branca, e as outras razas -inferiores- saíran dunha creación separada**. Ambos razoamentos poden constituír a base dunha doutrina social da desigualdade pero a polixenia era indubidablemente superior na **xustificación da diferenza que serviría para lexitimar o escravismo e o colonialismo**.

MONOXENISMO

MONOFILETISMO

POLIXENISMO

POLIFILETISMO



O **darwinismo social** e a **sociobioloxía** chegaron moi lonxe aplicando os principios darwinistas á sociedade política e aos diferentes grupos humanos. Apoiábanse en ideas coma estas: “A evolución social é produto da loita entre grupos sociais e a guerra é equivalente á loita pola existencia e a supervivencia dos máis aptos” (toma 🍌).

Deste xeito é como se trasladaba a teoría da loita pola existencia e a supervivencia ao plano social e o individuo era substituído pola loita de grupos, razas ou clases sociais, e así a **guerra**, e a súa preparación ou prevención, **converteuse na principal fonte de progreso**. (A qué prezo!!)

Son moitas as teorías que **tratan de explicar a diversidade do sapiens actual**, coa intención de explicar a problemática racial dun xeito científico, pero non podemos esquecer que:

a) A cor da pel vén determinada soamente por tres ou catro pares de xenes dos cincuenta mil a cen mil que posúe cada individuo.

b) A pesar de que as razas están claramente diferenciadas unhas das outras, son máis as características comúns que as diferenciais e, de feito, a **mestizaxe** demostra que todos os humanos pertencemos a unha mesma especie que foi sufrindo variacións adaptativas que orixinaron as diferenzas raciais.

As **forzas climáticas** foron consideradas como posibles fontes de presión selectiva para os caracteres. Un complexo conxunto de procesos adaptativos nos que interveñen a melanina, a radiación solar, o cancro de pel e a deficiencia da vitamina D foron implicados na correlación entre pel pálida e hábitats nórdicos e entre pel escura e hábitats tropicais.

As razas humanas non son especies separadas. Son **POBOACIÓNS** que ocupan un espazo xeográfico concreto na distribución dunha especie e amosan unha serie de características diferentes.

Non hai dúbida de que a especie *Homo sapiens sapiens* consta de diferentes **POBOACIÓNS** que poden ser etiquetadas como razas. Pero as RAZAS que a xente distingue (negra, branca ou mongoloides, asiáticos, africanos, etc.) NON SON CATEGORÍAS VÁLIDAS. Poderíamos seleccionar a raza dos tiroideos e os hipertiroideos polo nivel de tiroxina en vez de polo pigmento da pel.

Os antropólogos prefiren **SUBSTITUÍR O CONCEPTO DE RAZA POLO DE POBOACIÓNS**, pois unha poboación é simplemente un grupo no que os seus membros se cruzan entre eles e que amosan frecuencias xénicas diferentes cando se comparan cos grupos veciños.

2.1.5.1.- PROBLEMÁTICA SEXUAL.-



Se o proceso evolutivo ao home non lle trouxo máis que vantaxes, non ocorre o mesmo coa muller. Ela vai seguir vinculada á natureza por mor da súa **capacidade reprodutiva** que aínda no século XXI seguirá primando sobre a súa capacidade intelectual que supostamente a separaba dos outros animais (ser humano = animal racional. Muller = animal reprodutivo ♀).

A posición erecta é desfavorable para a reprodución da especie xa que hai un ancheamento da pelve e un crecemento do cranio, factores que dificultarán o parto, así como ter que cargar os nove meses co feto sostida só por dúas pernas, cos problemas que se xeran sobre a columna vertebral. Por ser a muller a única que se reproduce, vese obrigada, polas características fisiolóxicas a criar e dedicar máis tempo as criaturas, ao que lle temos que engadir a **explotación no traballo produtivo**: agricultura, gandería, cocina, limpeza, coidado do homes e dos enfermos.

Existe unha **asimetría (desigualdade) na división sexual do traballo** en canto ao valor e a posición social que cada grupo lle outorga. Así podemos deducir que a ideoloxía da dominación precede á asignación das tarefas. **O IMPORTANTE XA NON É O TRABALLO QUE A MULLER REALICE, SENÓN MÁIS BEN O SEU VALOR E PRESTIXIO SOCIAL.** (TEORÍA DAS TRES K. Páganlle algo á muller polo inmenso traballo na casa, polo coidado dos familiares enfermos, por.....)

Somos diferentes por natureza ou por cultura?: O sistema sexo-xénero

NATUREZA = SEXO; CULTURA = XÉNERO

Ata que punto as diferenzas no comportamento de mulleres e homes é produto do sexo máis que do xénero?, é dicir, en que medida se deben a diferenzas biolóxicas?

O sexo identifica as diferenzas biolóxicas e o seu papel esgótase na reprodución. Mentres que o xénero é o conxunto de características e comportamentos que cada sociedade atribúe a cada un dos sexos.

Na nosa sociedade recoñecemos **DOUS SEXOS BIOLÓXICOS: MACHO E FEMIA**, e **DOUS XÉNEROS SOCIAIS: FEMININO E MASCULINO**.

O feminino e o masculino son categorías socioculturais que definen cómo deben comportarse, reaccionar ou sentir as persoas dun grupo social. **Parecen naturais** (atención!) -pois a maioría dos membros do grupo compórtanse así- pero son construcións sociais e poden variar dunha sociedade a outra e dun período histórico a outro (roles, xestos, identidade sexuada, vestimenta, etc.)

O hábitat que rodea a criatura recién nacida vai completar nela as condicións mínimas que necesita para a vida, conformando o que será a súa personalidade. A adquisición de **hábitos culturais** comeza dende o berce e non cesará mentres viva o individuo.

(Hai moitos estudos que determinan que as diferenzas de xénero proceden da influencia social. Un experimento de J. P. Will e outros, no 1976, demostra que os adultos describen a personalidade dun bebé de xeito diferente dependendo de se cren que é neno ou nena; o mesmo ocorre co comportamento ante unha mesma criatura, que variaba considerablemente cando a vestían de rosa ou azul.)

Cada humano é un conglomerado de compoñentes culturais e biolóxicas aglutinadas entre eles, e que se inflúen mutuamente.

Polo tanto, non podemos falar da humanidade se non temos en conta o concepto de **xénero**, concibido como a **condición social** de ser homes ou mulleres, a diferenza do simple dato biolóxico. Esta polaridade, a pesar da súa creación social, non foi a penas cuestionada, senón que, polo xeral, foi aceptada como un feito dado.

A noción de **xénero** xorde a partir da idea de que **O FEMININO E O MASCULINO NON SON FEITOS NATURAIS OU BIOLÓXICOS, SENÓN CONSTRUCIÓN SOCIAIS**. A distinción entre sexo e xénero é unha contribución fundamental para aclarar o **problema da desigualdade social**.

O **xénero** (o masculino e o feminino) constitúese xa na primeira infancia e, na súa relación cos adultos, **OS NENOS E AS NENAS SON CONDICIONADOS XENERICAMENTE** (refórzanse os comportamentos que son considerados propios do seu sexo e inhíbense outros a través de múltiples mecanismos, entre os que atopamos a coerción implícita en adxectivos pexorativos aplicables a condutas inapropiadas tales como efeminado, marimacho, etc; constrúese así o home agresivo e competitivo, e a muller tenra e maternal).

Deste xeito, insístese nas asociacións universais entre muller e natureza por unha banda, e home e cultura por outra. A muller é asimilada ao natural pola función reprodutora e pola menstruación, e os homes son identificados co cultural; Sherry Ortner desenvolve a idea de que todas as culturas consideran a muller como parte de algo que menosprezan: a natureza, concibida como algo inferior que hai que dominar ("terra nai").

Esta identificación de **MULLER = NATUREZA** e **HOME = CULTURA** (e todos os derivados desta dicotomía (división): feminino/masculino, emoción/razón, privado/público) provén da interpretación de que as mulleres reproducen a especie mentres que os homes crean a través da tecnoloxía, dos símbolos e da cultura. **Identificando a muller coa natureza engadímolle tamén as funcións relacionadas coa reprodución e co ámbito do privado, mentres que aos homes se lles deixan os asuntos públicos e políticos.**

O PATRIARCADO.-

A supremacía masculina ou **patriarcado** consiste nunha "política sexual" exercida fundamentalmente polo colectivo de homes sobre o colectivo das mulleres.


A **orixe** da sociedade patriarcal produciuse pola división sexual do traballo, facendo que os homes se ocuparan da produción e as mulleres da reprodución. Esta foi a razón pola que as mulleres non tiveron acceso á organización social e política.

Nos albores da humanidade non se coñecía a relación causa-efecto entre o coito, a xestación e o parto. A maternidade era una **calidade máxica das mulleres** que as facía superiores. Pero cando se coñeceu o papel do home na reprodución, organizáronse una serie de estruturas para controlar a propiedade privada, os sistemas de herdanza, etc., o que implicou o control da sexualidade das mulleres e a aparición do matrimonio.

Co **control da natalidade** as mulleres empezaron a ter menos criaturas e isto permitiulles incorporarse ao traballo fóra de casa. Actualmente estanse a incorporar ao mundo produtivo e os cambios sucédense día a día.

~~~~~

## ACTIVIDADES



Sempre que ilustran a evolución da humanidade aparece o debuxo superior, parece que só evolucionou o home. Tes algo que dicir?



Pensa nas tarefas femininas e masculinas na nosa sociedade e repara no valor das mesmas. Repara tamén no uso lingüístico das profesións femininas e o seu poder ridiculizador (recorre a refráns, ditos populares, atributos descalificadores, etc.).



## ENIGMAS

- ☛ “Laxe tiña un irmán. O irmán de Laxe morreu. Mais o home que morreu nunca tivo un irmán”
- ☛ “Un pai e máis o fillo ían en coche cando, de súpeto, o pai perdeu o control do vehículo e chocaron contra un poste telefónico. O pai morreu no acto, o fillo quedou ferido e foi levado rapidamente ao hospital, onde se lle apreciaron graves lesións que requirían unha urxente intervención. Foi chamado o equipo médico de garda e, cando chegou á sala de operacións para examinar ao rapaz, oíuse unha voz: Non podo operar este neno, é o meu fillo!”



## TEXTO PARA A REFLEXIÓN

“Este verán faleceron dous cidadáns norteamericanos que cambiaron o mundo. Primeiro morreu ela, Rosa Parks, unha modesta costureira negra de Alabama que un bo día de 1955 simplemente se negou a ceder a un branco o seu asento no autobús como era obrigatorio daquela nos transportes públicos. Polo seu xesto, tan comprensible, foi detida e procesada.

Entón entrou en escena o noso segundo protagonista: Frank Johnson, tamén natural de Alabama, pero branco e xuíz. A el tocoulle dirimir, como maxistrado, o caso da rebelde costureira, e fallou que quen se comportara ilegalmente non era Rosa, senón a compañía de transportes por establecer un sistema de segregación racial e inconstitucional. Organizouse un escándalo tremendo, pero esa sentenza foi o principio da fin das normas racistas.

(...) [Rosa e Frank] Non tiveron que dirixir unha revolución armada nin realizar fazañas fabulosas: ambos se limitaron a vivir con coherencia e integridade as súas propias, diminutas vidas, e iso xa é en si tan enorme proeza que lograron cambiar o rumbo da historia.»

**Rosa Montero**, *El País Semanal*, 19-IX-1999

- ¿En que consistiu a proeza de Rosa e Frank?



#### TEXTO SOBRE O CAMBIO DE SEXO

As diferenzas biolóxicas –sexuais- teñen moita influencia nas nosas vidas. En xeral, nin nos decatamos, precisamente por estaren tan omnipresentes. Dende o principio están enraizadas en nós.

Contamos co exemplo de Morris, un coñecido escritor de libros de viaxes –membro dunha expedición británica que acadou o cumio do Everest-; era un home que se converteu en muller tras unha operación de cambio de sexo. Sempre se sentiu como unha muller, pero comportouse durante moitos anos como un varón. O seu **cambio de sexo –e de vida-** aportoulle unha serie de experiencias que lle permitiron percibir a diferenza entre os mundos en que habitaban as mulleres e os homes; así o relata nun libro de memorias escrito en 1974:

« Dise que a separación social entre os sexos está a estreitarse, pero eu só podo dicir que, tras experimentar na segunda metade do século XX a vida nos dous papeis (masculino e feminino), coido que non hai ningún aspecto da existencia, ningún momento do día, ningún contacto, ningún arranxo, ningunha resposta que non sexa distinta para os homes e as mulleres. O ton de voz co que agora se dirixían a min, a postura da persoa que tiña ao lado, a sensación cando entraba nun cuarto ou me sentaba na mesa dun restaurante, subliñaban constantemente o meu cambio de estatus.

Se as reaccións dos outros cambiaban, tamén o facían as miñas. Canto máis me trataban como unha muller, máis muller me facía. Adaptábame, queiras que non. Se alguén supuña que era unha incompetente para dar marcha atrás nos coches, ou para abrir botellas, atopábame estrañamente incompetente. Se se pensaba que una maleta era demasiado pesada para min, inexplicablemente así a atopaba eu...»

**Jan Morris** (1974): *Conundrum*. Oxford University Press, p. 79

- Por que o cambio de sexo lle supuxo un cambio de vida?
- En que consisten as incapacidades aprendidas? Pon exemplos.



#### FRASES PARA PENSAR

“Non se nace muller, chégase a selo” (**Simone de Beauvoir**)

“Aprendín o oficio de home duramente” (**Luís Cernuda**)

“Cambiar a vida antes de que a vida nos cambie” (Revolta estudantil **Maio do 68**)



## ALGÚNS CONCEPTOS BÁSICOS PARA ANALIZAR

**PREXUÍZO.-** Son as opinións ou as actitudes que teñen os membros dun grupo respecto a outro. Os prexuizos están baseados en rumores máis que en probas directas e tenden a ser remisos ao cambio, aínda que se acceda a máis información.

**EMPATÍA.-** É a capacidade que posúen as persoas de poñerse no lugar das outras, e así, facerse unha idea dos seus sentimentos e emocións. Isto contribúe a que as relacións sexan satisfactorias e gratificantes, pois axúdanos a recoñecer as necesidades afectivas dos demais.

**DISCRIMINACIÓN.-** É unha conduta real que se ten cun grupo alleo e pode apreciarse en actividades que o privan das oportunidades de que outros gozan.



## CUESTIONANDO O CONCEPTO DE RAZA

“Sabemos por investigacións de fisioloxía e xenética que a cor da pel é amplamente hereditaria, e que as diferentes cores da pel observadas hoxe na superficie da terra son debidas á adaptación. Existe unha pel clara en rexións pouco soleadas e frías, e pel escura en rexións intertropicais.

Pola localización dos focos de vida primitivos é probable que o home primitivo tivese unha pel escura, non necesariamente negra. Dende este punto de vista o home branco decolorouse porque emigrou a rexións frías, brumosas e pouco soleadas, (...) actuando o clima selectivamente sobre a pel para que nun determinado número de xeracións, a cor desta chegase a ser o que é hoxe (...) Pero todos os homes actuais (negros, amarelos, brancos, etc.) son membros dunha mesma especie, denominada *homo sapiens*”

**Jean Hiernaux (1971):** *Recientes descubrimientos sobre el origen del hombre.* Ayuso, 1971.

➡ Señala as ideas do texto.

➡ Os beizos dos chimpancés son máis finos cós dos individuos de pel branca, e os de pel negra teñen menos pelo no corpo. Que che suxiren estes datos?





## TRABALLO PELÍCULA “EN BUSCA DEL FUEGO”

Vídeo: *En busca del fuego*

Reconstrución hipotética da prehistoria para o cine. Como di no cartel da película "unha aventura de ciencia e fantasía", que pretende reconstruír a sociedade de hai 80.000 anos en pleno Musteriense (Paleolítico medio) e amosar o que puido ser a vida daquela. Para a súa realización contouse coa colaboración de Desmond Morris como asesor da linguaxe xestual e todo o referente á expresión corporal, así como do escritor Anthony Burgess para a elaboración dunha linguaxe especial.

Está baseada na novela *La guerre du feu* de J.H. Rosny Ainé, publicada no 1911.

Narra a historia da viaxe de tres ulam (neandertais) que saen na procura do lume que xa coñecen pero non dominan. Os ulam vense acosados por dúas tribos, unha de homínidos recubertos de pel (que situaríamos nunha antigüidade de millón e medio de anos) e outra de antropófagos (de características intermedias). Os ulam entran en contacto cos fkava, moito máis evolucionados (uns cromagnóns neolíticos, sedentarios, que aproveitan o lume, o leite, os recipientes...) Á coexistencia “irreal” destes grupos engadimos un espazo xeográfico que vai presentando zonas húmidas e frías xunto a praderías e rexións cálidas e planas. O maior acerto da película de Annaud atopámolo no que se refire aos tipos de cultura e sociedades que van aparecendo. Hai unha sucesión de distintos estadios de evolución da tecnoloxía, da sociedade, economía e cultura simbólica, dende o nomadismo ao sedentarismo, dende as ferramentas-armas indiferenciadas de madeira ata os propulsores de frechas magdalenenses, dende a xerarquización máis simple ata os sistemas sociais máis complexos. O papel dos símbolos, da linguaxe, a iniciación sexual ou a risa son aportacións do Annaud e Brach inexistentes na novela orixinal.

1.- Fai unha lista dos posibles usos do lume e das vantaxes derivadas da súa posesión. Considera as secuencias da película en que se presenta o seu carácter misterioso, roubado á natureza, o seu valor como signo de poder ou de vida.

2.- Describe algún mito asociado ao lume (por exemplo o de Prometeo) ou algún uso ritual ou festivo (por exemplo a chama olímpica, as fogueiras de San Xoán, etc.)

3.- Eran nómades ou sedentarios? Que implicacións ten?

4.- De que se alimentan? Comen a carne humana? Sinala as diferentes dietas alimenticias en función dos distintos niveis evolutivos.

5.- Como se visten?

6.- Fai unha lista das especies animais que aparecen na película. Sinala a fauna prehistórica desaparecida e a que subsiste na actualidade.

7.- Repara nas reaccións en que aparece o sentimento de tristeza, solidariedade, piedade, amor, amizade, alegría, risa, sorriso, intimidade ou pudor.

8.- Repara tamén nos dous modelos de comportamento sexual que presenta a película: o menos evolucionado ou ritualizado, no que aparece o impulso sexual como resposta inmediata ante a presenza do estímulo, e o máis elaborado, no que hai un sentimento de atracción que pretende continuar co xogo de atracción sexual máis lonxe da liberación de enerxías.

9.- Ata que punto podería considerarse esta película como de ciencia-ficción?

10.- Por que o título orixinal (en francés) é *A guerra do lume*?

